



Interés en Ourense polos dereitos humanos no século XXI

Peces-Barba ofreceu no Campus unha ponencia sobre a "Educación para a cidadanía e os dereitos humanos"

CRISTINA RODRIGUEZ, OURENSE
cristina@laregion.net

A Cátedra Carlos Casares e a Facultade de Dereito compartiron durante dous días unhas interesantes ponencias incluídas nas Xornadas sobre os Dereitos Humanos no Século XXI. Entre os convidados ás ponencias destacou especialmente a presenza do catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Complutense de Madrid, Lorenzo Martín-Retortillo; e da profesora de Filosofía do Dereito da Universidade Carlos III de Madrid, María del Carmen Barranco

Avilés, dous expertos na materia que intercambiaron as súas impresións cos asistentes ó tempo que os fixeron partícipes de tódalas novidades que hai neste campo tan estudado e, moitas veces, con tantos interrogantes que se precisan aclarar. É fundamental tamén destacar a participación nas xornadas dun dos pais da Constitución e Doutor Honoris Causa en 1996 pola Universidade de Vigo, Gregorio Peces-Barba quen se encargou de presentar a ponencia "Educación para a cidadanía e dereitos humanos", onde se congre-

garon numerosos asistentes interesados por este tema tan candente e as verbas dun experto na materia desta envergadura.

Outras das ponencias foron "Discapacidade, dependencia e dereitos humanos", "O sistema de dereitos fundamentais trala entrada en vigor do Tratado de Lisboa" e "O garante derradeiro: a tensión entre Parlamento e Xuíz".

Deste xeito e por medio de catro interesantísimas ponencias alumnos, profesores e interesados pola materia profundizaron na materia.



Bustillo, Lameiras, Michinel, Garrido, Martínez e Garriga.

MARTIÑO FINAL